



ESPECIALISTAS en COOPERAR

EDICIÓN _____ 2023
DESTINO MOZAMBIQUE E CABO VERDE

CONVOCATORIA PROGRAMA DE COOPERACIÓN TÉCNICA "ESPECIALISTAS EN COOPERAR" EDICIÓN 2023

PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA
O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA





**ESPECIALISTAS ^{en}
COOPERAR**

EDICIÓN ————— 2023
DESTINO MOZAMBIQUE E CABO VERDE

CONVOCATORIA PROGRAMA DE COOPERACIÓN TÉCNICA “ESPECIALISTAS EN COOPERAR” EDICIÓN 2023

**Programa de cooperación internacional para o persoal
da administración local de Galicia**

1. ¿QUE É O PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?
2. ¿CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?
3. ¿A QUEN VAI DIRIXIDO?
4. ¿COMO PODO PARTICIPAR EN ESPECIALISTA EN COOPERAR?
5. DESTINOS: MOZAMBIQUE E CABO VERDE
6. ¿CALES SON OS PERFÍS SOLICITADOS E AS SÚAS FUNCIÓNS?
7. ¿COMO SE ESTRUCTURA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?
8. ¿CALES SON AS OBRIGAS DE CADA UNHA DAS PARTES?
9. ¿COMO É O PROCESO DE SELECCIÓN?
10. ¿CANDO E COMO PRESENTAR AS SOLICITUDES?

1.

¿QUE É O PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?

Especialistas en Cooperar é un programa de cooperación técnica dirixido fundamentalmente ao persoal dos concellos e deputacións de Galicia, partindo da base de que o *know how* das administracións locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas da cooperación internacional ao desenvolvemento que se practica desde o municipalismo.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade leva impulsando a cooperación técnica desde o ano 2005 a través do antigo programa Vacacións con Traballo, só interrompido nos anos 2020 e 2021 a causa da pandemia global ocasionada

polo impacto da COVID-19. Ata hoxe, viaxaron a través do mesmo 50 persoas, que xenerosamente, e na maioría dos casos, ofreceron o seu mes de vacacións para cooperar, desprazáronse aos países onde o Fondo Galego viña apoiando proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento, como Nicaragua, Cabo Verde, Mozambique, Cuba e Perú, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido.

Enténdese coma un programa de dobre dirección onde ambas partes aprenden, e onde a implicación das/dos candidatas/os é imprescindible.



2.

¿CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?

Reforzar as capacidades das administracións públicas e asociacións da cidadanía do Sur Global, facilitando respostas técnicas e capacitación ás súas necesidades, para contribuír ao desenvolvemento sostible e á consecución da Axenda 2030.

Procurar un intercambio de coñecementos entre profesionais galegas/os e os parceiros do Fondo Galego nos países onde colaboramos.

Favorecer un maior e mellor coñecemento da realidade dos países onde cooperamos por parte do municipalismo galego: a súa situación, as súas

dificultades, pero tamén as súas virtudes e potencialidades.

Favorecer a participación do persoal experto do municipalismo galego nas diferentes fases do ciclo do proxecto de cooperación ao desenvolvemento.

Incrementar a implicación, por parte dos concellos e deputacións de Galicia, en actividades que estimulen o compromiso solidario, a través da divulgación das experiencias das persoas participantes no programa.



3.

¿A QUEN VAI DIRIXIDO?

Ao persoal en activo dos concellos e deputacións de Galicia, así coma das mancomunidades, que cumpra cos requisitos demandados para algunha das prazas que se ofertan e, ademais:

Que teña interese en participar nun programa de cooperación técnica internacional, poñendo as súas capacidades a disposición do desenvolvemento sostible do país que se trate.

- Que teña competencias orais e escritas en lingua galega.
- Que estea comprometida cos valores solidarios e de respecto e promoción dos Dereitos Humanos.
- Que se comprometa a cumprir coas obrigas que se establecen vinculadas á súa praza.



4.

¿COMO PODO PARTICIPAR EN ESPECIALISTA EN COOPERAR?

Establécense dúas modalidades de participación:

1) Voluntariado: as persoas seleccionadas para participar no programa poderán facelo en réxime de voluntarias, para o cal se seguirán os procedementos legalmente establecidos para formalizar o réxime de voluntariado e garantir a debida cobertura das accións e persoas voluntarias. Escollendo esta opción, as persoas seleccionadas poñerán a disposición o seu período de vacacións (máximo de 30 días naturais).

2) Obtención de licenza: o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, no Capítulo V, refírese á licenza para a participación das persoas empregadas públicas (funcionarias/os de carreira) en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, coa finalidade de fomentar entre este colectivo o valor da solidariedade mediante a súa integración en proxectos de desenvolvemento que os axentes de cooperación estean a levar a cabo en países empobrecidos. Desde a aprobación do Decreto, habería a posibilidade de obter licenza para participar en Especialistas en Cooperar sen ter que investir o período de vacacións.



5.

DESTINOS: MOZAMBIQUE E CABO VERDE

MOZAMBIQUE

Mozambique é un dos países máis empobrecidos do mundo e co que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade mantén unha relación directa de cooperación desde o ano 2016. Alí, atopámonos con dúas entidades coas que o Fondo Galego desenvolve os proxectos de cooperación ao desenvolvemento:

Fundación Encontro: ONGD mozambicana que nace no 2011 para apoiar de forma integral ás comunidades de Boane e Naamacha, incluíndo aspectos relacionados cos medios de vida e desenvolvemento de servizos básicos nas áreas de saúde e educación. A Fundación Encontro ten como obxectivo fortalecer as comunidades (poboados) e facelas participes do seu desenvolvemento. O seu lema é “da Comunidade para a Comunidade”. Na actualidade estase executando o proxecto “Apoio de emerxencia a familias afectadas nas inundacións nos distritos de Boane e Namaacha”, financiado polo Concello de Cambre, a través do que se vai contribuír para mitigar os efectos das cheas e inundacións que afectaron de forma significativa ás comunidades de Umpala, Massaca 1, Massaca 2, Mahanhane e Mahelane, nunha zona rural no sur de Mozambique onde a maioría das familias se dedica á agricultura de subsistencia.

Municipio de Nhamayábue: O Municipio de Nhamayábue localízase na provincia de Tete, rexión centro do Mozambique. É un municipio rural, cunha poboación de 30.000 habitantes, con índice de desenvolvemento humano moi baixo en relación a outros municipios da provincia. A poboación é maioritariamente campesiña e a poboación xuvenil (en torno ao 60% da poboación) é especialmente vulnerable en relación ao consumo de drogas (sobre todo os rapaces) e aos casamentos prematuros (principalmente as raparigas). O Municipio de Nhamayábue ten feito unha forte aposta polo deporte como medio de entretemento e educación deste estrato social, así como o hábito de practicar exercicios físicos, para promover maior socialización en ambientes sans, unha mellora da saúde das persoas, e unha mellora tamén do estado físico e mental, impactando nunha mellor calidade de vida para a poboación.

CABO VERDE

Cabo é un país insular, conformado por dez illas volcánicas, emprazado en África, fronte á costa senegalesa. É un país de Desenvolvemento Humano Medio e é tamén a democracia máis estable do continente. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade estableceu a relación de cooperación con Cabo Verde no ano 2002, e, desde entón, foron apoiados en torno aos trinta proxectos de cooperación ao desenvolvemento, sempre da man da Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos (ANMCV).

Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos (ANMCV): A ANMCV é a asociación de municipios de Cabo Verde. Foi creada no ano 1996 como entidade de dereito público. A ANMCV ten como fins a promoción, defensa, dignificación e representación do poder local, a través de accións como: a realización de estudos e proxectos sobre asuntos relevantes do poder local, a creación de servizos destinados aos seus membros, o desenvolvemento de accións de formación e información dos electos e de perfeccionamento do persoal da administración local, o intercambio de experiencias e informacións en todos os dominios da actividade municipal e a representación dos seus membros perante organizacións nacionais e internacionais. Conta cunha sede na cidade de Praia, capital do país, e unha delegación na cidade do Mindelo, na Illa de San Vicente.



6.

¿CALES SON OS PERFÍS SOLICITADOS E AS SÚAS FUNCIONS?

NOME DA PRAZA	ESPECIALISTA EN IGUALDADE DE XÉNERO
PAÍS	MOZAMBIQUE
PARCEIRO LOCAL	Fundación Encontro
LUGAR	Municipio de Boane, provincia de Maputo.
COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none">- Grao superior en promoción da igualdade de xénero, grao en traballo social, grao superior en integración social ou grao en educación social.- No caso de que non se dispoña de grao superior en promoción da igualdade de xénero, será requisito dispoñer de Máster ou curso oficial de especialización en materia de igualdade de xénero.- Dominio do galego falado e escrito
COMPETENCIAS VALORABLES	<p>Cursos en materia de igualdade de xénero.</p> <ul style="list-style-type: none">- Formación acreditable en cooperación ao desenvolvemento e/ou Axenda 2030.- Experiencia acreditable de voluntariado, en especial o internacional.- Será puntuado favorablemente o feito de ser persoal do Concello de Cambre, por ser a entidade financiadora do proxecto.
FUNCIONS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none">- Apoio á especialista en xénero da Fundación Encontro nas tarefas de análise e diagnóstico de xénero nos centros infantís de cinco comunidades rurais, así coma no deseño e realización de actividades coeducativas.
OBXECTIVO	Fortalecemento da Fundación Encontro para o impulso de proxectos en materia de igualdade de xénero nas comunidades rurais dos distritos de Boane e Namaacha.

NOME DA PRAZA	ESPECIALISTA EN DEPORTES
PAÍS	MOZAMBIQUE
PARCEIRO LOCAL	Municipio de Nhamayábue
LUGAR	Municipio de Nhamayábue
COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none"> - Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (CAFD), grao superior de Formación Profesional en Actividades Físicas e Animación Deportiva (TAFAD) ou semellantes. - Dominio do galego falado e escrito
COMPETENCIAS VALORABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Máster ou cursos de formación oficiais de especialización en xestión deportiva. - Formación acreditable en cooperación ao desenvolvemento e/ou Axenda 2030. - Experiencias acreditable de voluntariado, en especial o internacional.
FUNCIÓNS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none"> - Formar xestores deportivos - Organizar e coordinar torneos deportivos entre as escolas municipais (fútbol, balonmán, voleibol e fútbol sala). - Organizar e coordinar un torneo de atletismo
OBXECTIVO	Fomento de hábitos saudables, formación de adestradores/as, introdución ao deporte e promoción do xogo limpo para procurar unha cidadanía de Nhamayábue máis saudable desde un sentido holístico.

NOME DA PRAZA	PERSOAL TÉCNICO DA ÁREA SOCIAL
PAÍS	CABO VERDE
PARCEIRO LOCAL	Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos
LUGAR	Cidade do Mindelo (Illa de San Vivente)
COMPETENCIAS REQUIRIDAS	Grao en traballo social, grao en educación social ou formación vinculada coas funcións concretas a desenvolver. Dominio do galego falado e escrito
COMPETENCIAS VALORABLES	Máster ou curso oficial na área da acción social, nutrición, deporte, benestar social, etc. Cursos na área da acción social, nutrición, deporte, benestar social, etc. Formación acreditable en cooperación ao desenvolvemento e/ou Axenda 2030. Experiencias acreditables de voluntariado, en especial o internacional.
FUNCIÓNS A DESENVOLVER	Capacitación dos municipios para a construción de cidades e pobos saudables baixo a perspectiva da metodoloxía de Cidades Saudables da Organización Mundial sa Saúde. Apoio para a formulación e implementación de políticas públicas saudables: planificación e xestión de accións de promoción da saúde e do benestar da cidadanía.
OBXECTIVO	Fortalecemento de capacidades dos municipios caboverdianos para a promoción da saúde desde un sentido amplo.

7.

¿COMO SE ESTRUCTURA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?

O programa divídese en tres etapas: antes, durante e despois da viaxe.

Antes:

- As persoas seleccionadas participarán nunha **xornada de formación** básica sobre cooperación ao desenvolvemento e sobre a figura do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Esta formación ten carácter obrigatorio.
- Comezará o **traballo previo á viaxe**, coa posta en contacto co parceiro local a través dunha xuntanza online na que tamén participará o equipo técnico do Fondo Galego.

Durante:

- A **viaxe** a terreo terá lugar **entre os meses de xuño e novembro de 2023**, segundo as datas acordadas entre os parceiros locais e as persoas seleccionadas. Terá como máximo e de forma preferible **un mes de duración**, podendo ser menor a petición da persoa seleccionada.
- Seguirase a **programación** de traballo establecida, previamente definida polo parceiro local xunto co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Poderá haber modificacións para unha mellor xestión e coordinación.
- Enviaranse **fotografías e breve información**, dúas veces por semana ao equipo técnico do Fondo Galego, podendo empregarse o whatsapp ou o correo electrónico, co obxectivo de

visibilizar as accións que se están a desenvolver no marco do programa Especialistas en Cooperar. Esta comunicación tamén servirá para informar sobre a estadía da persoa participante e ofrecer información relevante, se a houbera.

Despois:

- Redacción dun **informe técnico** sobre o traballo realizado, en base ao formulario establecido polo Fondo Galego.
- Responder á **enquisa de avaliación**.
- Participar nunha **reunión co equipo técnico** do Fondo Galego para socializar a experiencia e poñer en común as aprendizaxes adquiridas, así como as achegas e impresións sobre a actividade.
- Responder aos medios de comunicación para divulgar a súa experiencia e o labor do Fondo Galego, así como permanecer predisposta/o a **participar en posibles actividades de sensibilización** que poidan ser requiridas pola entidade ou polas administracións socias para dar a coñecer as súas vivencias.

8.

¿CALES SON AS OBRIGAS DE CADA UNHA DAS PARTES?

As obrigas do Fondo Galego e dos parceiros locais quedarán reflectidas nun convenio de colaboración que se asinará entre as partes. As obrigas das persoas que viaxen en réxime de voluntarias quedarán reflectidas no contrato de voluntariado, e as persoas que obteñan licenza para participar asinarán un acordo de colaboración. Resumidamente, as obrigas son as seguintes:

FONDO GALEGO:

- Cubrir os gastos da viaxe, aloxamento, seguro, visado e vacinas, traslados internos (en Galicia e no país de destino), manutención e calquera outro gasto ocasional relacionado coas tarefas a desenvolver.
- Orientar ás persoas participantes no desempeño das súas funcións e sobre aspectos xerais.
- Velar pola seguridade e adaptación das persoas participantes, asegurando a súa tranquilidade, co ánimo de que poidan desenvolver correctamente o seu traballo.

PARCEIRO LOCAL:

- Velar pola seguridade das persoas participantes.
- Integrar ás persoas participantes no equipo de traballo correspondente, dando o asesoramento e o acompañamento necesario, brindando toda información e colaboración requirida para o bo desenvolvemento das súas funcións.

- Axudar ás persoas participantes naquelas dificultades que atopen, ben no desenvolvemento das súas funcións, ben na adaptación ao entorno.

PARTICIPANTE:

- Dedicar ás súas funcións o tempo requirido, cumprindo co programa estipulado e tarefas encomendadas.
- Actuar con dilixencia e respecto cara o parceiro e poboación local.
- Seguir as medidas de seguridade indicadas e as recomendacións do parceiro local e do Fondo Galego.
- Cumprir co envío de fotografías e breve información durante a súa estadía, coa elaboración do informe técnico e participación nas xornadas de formación e de avaliación da actividade.
- Ter o pasaporte en vigor polos menos con 6 meses de validez desde a data da viaxe e contactar con Medicina Exterior para valorar a vacinación fronte a enfermidades que poden ser comúns no país. Podería requirirse a realización de test de antíxenos ou PCR previa á viaxe, dependendo das instrucións das autoridades competentes no momento de viaxar.

9.

¿COMO É O PROCESO DE SELECCIÓN?

As candidaturas presentadas serán avaliadas pola Comisión Executiva do Fondo Galego, tras un proceso de selección baseado na adecuación do seu perfil profesional ao perfil demandado.

Ademais, valorarase positivamente:

- Que o concello ou deputación na que traballa a candidata ou candidato sexa socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Participar na Rede Municipalista Solidaria como técnica/o representante do seu concello ou deputación
- Ter realizado o curso online “Localizando a Axenda 2030”, organizado polo Fondo Galego en anteriores anualidades.

Na resolución do programa Especialistas en Cooperar, que terá lugar antes do 26 de maio, nomearase a unha persoa titular e suplente por cada unha das prazas, por se a persoa seleccionada finalmente non puidese ou rexeitase participar.

As persoas seleccionadas serán informadas á maior brevidade posible, antes de facelo público a través da páxina web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O resto das persoas participantes tamén serán informadas da resolución a través do correo electrónico.

Se algunha praza quedara vacante, o Fondo Galego resérvase o dereito de seleccionar e ofrecer a oportunidade de participar a unha persoa dalgún concello ou deputación socia do Fondo Galego.

10.

¿CANDO E COMO PRESENTAR AS SOLICITUDES?

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto do 24 de abril ao 24 de maio de 2023.

As solicitudes deberán presentarse a través do correo electrónico no seguinte enderezo: info@fondogalego.gal.

A SOLICITUDE debe conter:

- Modelo de solicitude (pode descargarse na páxina web do Fondo Galego)
- Currículum Vitae
- Carta de motivación
- Calquera outro documento que se considere de interese para a valoración da candidatura.

As persoas que se candidaten poderán ser chamadas a unha entrevista persoal.

Lémbrese que, no marco da evolución da pandemia da COVID-19, toda persoa viaxeira deber ter en conta que actualmente calquera persoa que viaxe pode verse afectada por restricións inesperadas, ser sometida a probas sanitarias ou corentenas involuntarias no estranxeiro. As persoas viaxeiras son as responsables das consecuencias da súa decisión de viaxar. Por tanto, prégase que se contemple a posibilidade de verse na obriga de permanecer no estranxeiro máis tempo do inicialmente previsto. O Fondo Galego e os parceiros locais non resultarán responsables polas cuestións mencionadas anteriormente e por ningún concepto de danos ou prexuízos que puideran ocasionarse a persoas ou bens.

Para a resolución de dúbidas, poderán enviar un email a info@fondogalego.gal ou chamar ao 698144536.